

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CMUS PROFESIONAL DE OURENSE  
CURSO: 4º GP E 5º GP  
MATERIA: HISTORIA DA MÚSICA  
DEPARTAMENTO: COMPOSICIÓN  
DATA: 12-V-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. Criterios de avaliación .....	2
2. Avaliación e cualificación .....	4
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre.....	5
4. Información e publicidade .....	6

## 1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA 4º GP	CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA 5º GP
<b>1º trimestre</b>	
Identificar a través da audición de obras dende a Antigüidade ata a Idade Media e as súas características.	Identificar a través da audición de obras barrocas e as súas características máis relevantes.
Comentar exemplos iconográficos representativos da Antigüidade con referencias musicais	Comentar exemplos iconográficos representativos dos séculos XVII e XVIII con referencias musicais.
Realizar comentarios de texto relativos á materia que abrangue dende a Antigüidade á Idade Media, sexan históricos, estilísticos ou doutro campo.	Realizar comentarios de texto relativos á materia, sexan históricos, estilísticos ou doutro campo.
Relaciona a historia da música con outros aspectos da cultura e do pensamento dende a Antigüidade á Idade Media.	Relacionar a historia da música con outros aspectos da cultura e do pensamento.
Realizar traballos sobre algúns aspectos tratados na materia, empregando os recursos dispoñibles de xeito coherente e eficaz.	Realizar traballos sobre algúns aspectos tratados na materia, empregando os recursos dispoñibles de xeito coherente e eficaz
<b>2º trimestre</b>	
Identificar a través da audición obras dende a creación da polifonía medieval ata a Ars Nova para identificar as seus trazos.	Identificar a través da audición obras do Clasicismo e o Romanticismo para identificar as seus trazos máis destacables.
Comentar exemplos iconográficos representativos dende a creación da polifonía medieval ata a Ars Nova con referencias musicais.	Identificar a través de partituras: xéneros, autores, trazos musicais e cronoloxías determinadas.

Realizar comentarios de texto relativos á materia que abrangue dende a creación da polifonía medieval ata a Ars Nova, sexan históricos, estilísticos ou doutro campo.	Realizar comentarios de texto relativos á materia, sexan históricos, estilísticos ou doutro campo.
Relacionar a historia da música con outros aspectos da cultura e do pensamento dende a creación da polifonía medieval ata a Ars Nova (s. XIV)	Relacionar a historia da música con outros aspectos da cultura e do pensamento desta época.
Demostrar autonomía para poder realizar traballos sobre algúns aspectos tratados no trimestre, empregando os recursos dispoñibles de xeito coherente e eficaz.	Realizar traballos sobre algúns aspectos tratados na materia, empregando os recursos dispoñibles de xeito coherente e eficaz.
<b>3º trimestre</b>	
Manifestar solvencia na competencia de comprensión lectora de textos referentes á música desde a Antigüidade ata o Renacemento.	Manifestar solvencia na competencia de comprensión lectora sobre textos referentes á música e ao contexto desde o século XVII ao XX.
Potenciar a capacidade de comentario de audición a través das correntes de composición do Renacemento en Europa (s. XV e XVI).	Reforzar a capacidade crítica musical a través da audición e das partituras obras do século XX para identificar as seus trazos máis relevantes.
Demostrar autonomía na realización de traballos sobre algúns aspectos tratados na materia, empregando os recursos dispoñibles de xeito coherente e eficaz.	Realizar traballos sobre algúns aspectos tratados na materia, empregando os recursos dispoñibles de xeito coherente e eficaz, partindo das convencións de presentación do material establecidas

## 2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

<b>Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p><b>Procedementos:</b></p> <p><u>Os aplicados no 1º e 2º trimestre:</u> Os instrumentos de avaliación baseáronse na observación directa, nos traballos escritos e orais específicos, todo anotado con detalle no caderno do alumno ou alumna, a través da avaliación inicial, formativa e final, segundo se especifica na programación da materia publicada a comezos de curso.</p> <p><u>Os aplicados para o 3º trimestre:</u> Centraranse nunha avaliación formativa e diagnóstica, de carácter parcial e procesual. A avaliación formativa implica o seguimento dos avances nas tarefas asignadas ao alumnado neste tempo de confinamento.</p> <p><b>Instrumentos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <u>Os aplicados para o 1º e 2º trimestre</u> son os especificados na programación de comezos do curso 2019-20, que inclúen: probas escritas e/ou orais trimestrais (50%); traballo anual de entrega obrigatoria (10%); exercicios escritos e orais para a fixación de contidos teóricos e prácticos (30%); e asistencia activa e produtiva ás clases, tendo en conta que a avaliación deste punto estará baixo o estrito criterio do docente (10%).</li> <li>• <u>Os aplicados para o 3º trimestre</u> estarán relacionados especificamente coa observación do proceso de realización dos traballos individuais e colectivos asignados, o seu resultado final enviado por vía telemática e o grao de seguimento da sesións non presenciais.</li> </ul>
<b>Cualificación final</b>	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>Con carácter xeral, o alumnado terá a cualificación que resulte das medias entre a 1ª e 2ª avaliación, podendo a nota da 3ª contribuír a subir a cualificación final.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	<p>No mes de setembro porase á disposición do alumnado a posibilidade de superar a materia realizando unha proba escrita e/ou oral sobre a totalidade dos contidos vistos na 1ª e 2ª avaliación (temas 1 ao 9 do programa do curso), ademais de entregar o traballo obrigatorio anual, descrito e detallado na programación do curso.</p>

### 3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE

<b>Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Elaboración dun traballo obrigatorio de crítica musical (4º GP) ou sobre un texto musical (5º GP).</li> <li>- Realización de comentarios de audición dos estilos traballados ata o momento.</li> <li>- Execución de traballos individuais e colectivos para o afianzamento de coñecementos.</li> <li>- Cumprimentación de cuestionarios específicos en liña autocorrixibles sobre as temáticas traballadas.</li> <li>- Utilización de recursos audiovisuais para o afianzamento de coñecementos (vídeos, grabacións, <i>scape room</i> virtuais...)</li> </ul>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>A metodoloxía empregada é individualizada e de atención continuada, co fin de repasar e reforzar algúns aspectos que melloren o resultado final. Para o alumnado con avaliacións pendentes destináronse recursos para a súa recuperación. Para os aprobados buscáronse vías de repaso, reforzo e ampliación de competencias básicas da materia.</p> <p>Tras un primeiro contacto vía mail, tódolxs alumnxs da materia aseguraron dispoñer de conectividade á rede, aínda que con diferentes graos de uso, polo que se estableceu un sistema de seguimento baseado en:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Intercambio de correos electrónicos.</li> <li>- Guía de todas as sesións non presenciais no blogue da materia: <a href="http://auladehistoriadamusica.blogspot.com">auladehistoriadamusica.blogspot.com</a>.</li> <li>- Realización de sesións a través de aplicacións como <i>Skype</i> ou <i>Edmondo</i> para a resolución de dúbidas e a exposición dos avances dos traballos.</li> <li>- Subida de materiais e apuntes a plataformas como <i>Centros.Net</i>, <i>Google Drive</i> ou <i>Dropbox</i>.</li> <li>- Contacto telefónico directo con alumnado con menor grao de conectividade.</li> </ul>
<b>Materiais e recursos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Apuntes, facilitados a través de correo electrónico, <i>Centros.Net</i>, <i>Dropbox</i>, <i>Drive</i> e <i>Google Classroom</i> en formato PDF.</li> <li>- Bibliografía variada.</li> <li>- Audicións dispoñibles na lapela correspondente do blogue: <a href="http://auladehistoriadamusica.blogspot.com">auladehistoriadamusica.blogspot.com</a></li> <li>- Recursos audiovisuais diversos.</li> <li>- Formularios e cuestionarios de Google.</li> </ul>

#### 4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

<b>Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Centros.Net, páxina web do centro ( <a href="http://conservatoriourense.org">conservatoriourense.org</a> ), blogue da aula de Historia da Música ( <a href="http://auladehistoriadamusica.blogspot.com">auladehistoriadamusica.blogspot.com</a> ) , correo electrónico, contacto telefónico e vía telemática ( <i>Skype, Edmondo</i> ).
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.